



No *Diario Oficial de Galicia* do 20 de maio de 2021 publicouse a Orde do conselleiro de Facenda e Administración Pública do 6 de maio de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras e se convoca a XXIV edición do Premio Manuel Colmeiro, para traballos de investigación que teñan como obxecto a Administración pública de Galicia.

Finalizado o pasado día 15 de outubro o prazo para a presentación dos traballos candidatos ao premio, procede agora o nomeamento do xurado especial ao que corresponde o exame dos traballos presentados e, de ser o caso, a elaboración da proposta de adxudicación do premio, todo de acordo co disposto pola base novena da convocatoria.

De conformidade coa devandita base e co Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, veño en nomear como integrantes do xurado especial ás seguintes persoas:

Presidente: Fernando I. González Laxe, Catedrático de Economía Aplicada da Universidade da Coruña e ex Presidente da Xunta de Galicia

Secretaria: Cristina Ares Castro-Conde, Profesora Contratada Doutora de Ciencia Política e da Administración da Universidade de Santiago de Compostela

Vogais:

Jesús Oitavén Barcala, Director Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa da Xunta de Galicia

Nora María Martínez Yáñez, Conselleira Electiva do Consello Consultivo de Galicia

Natalia Solar Jimeno, Letrada da Asesoría Xurídica do Servizo Galego de Saúde

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2021

O conselleiro de Facenda e Administración Pública

Miguel Corgos Lopez-Prado

